

O FLOORBALL

O floorball ou unihockey é un deporte de equipo, practicado en pista cuberta. O obxectivo do xogo é introducir unha pelota na portería contraria. Ten as súas orixes en Europa durante a segunda metade do século XX. Xurdiu como unha práctica derivada do hockey xeo. Extendeuse por todo EEUU gracias a uns estudantes suecos que o viron xogar en Holanda. En Europa, Francia foi a gran impulsora. En España introduciuse gracias ós colexios e institutos que incluíron este deporte na súa programación.

A nivel internacional, catro países dominan este deporte desde a creación da Federación Internacional de Floorball (IFF) en 1986: República Checa, Suecia, Finlandia e Suíza. A competición máis importante é o Campionato do Mundo, que se celebra cada dous anos: desde 1996 na categoría masculina e nos anos pares, e desde 1997 na categoría feminina e nos anos impares. En 2011 celebrouse o último Campionato do Mundo Feminino en St. Gallen, Suíza e o Campionato do Mundo Masculino celebrárase no 2012 en Berna e Zurich, Suíza.

Medidas do campo e útiles de xogo

Para menores de 16 anos o campo é similar ó campo de baloncesto (24 X 15) e para os maiores de 16 é idéntico a un campo de balonmán (40 X 20). O terreno está rodeado por un bordillo de medio metro de altura co que se pode xogar. Dentro do terreo de xogo hai dúas porterías que estarán separadas 2,85 m da liña de fondo. As dimensións da portería son de 160 cm de ancho e 115 cm de altura.

Os sticks son de plástico duro, resistente e o pau non sobrepasa os 123 cm. Todos os xogadores teñen un, excepto o porteiro.

A bola é redonda, oca, branca e de plástico con 26 buratos.

Equipos e desenvolvemento do xogo

Xogan 5 xogadores de cada equipo e un porteiro en cada equipo. Os xogadores de campo irán con stick e o porteiro sen el. O porteiro non pode saír da zona de gol pero pode tocar a bola con calquera parte do corpo. Se poden substituír os xogadores en calquera momento. A duración do partido son tres tempos de 20 minutos, con descansos de 10 minutos entre cada período.

Normas

Prohibicións:

- Levantar o stick por riba do xeonllo, para atrapar unha bola ou para tratar de xogala.
- Parar a bola coa cabeza ou coa man.
- Facer pases co pé.
- Meter unha parte do corpo na zona de gol, si é un atacante.
- Xogar a pelota desde tumbados no chan.
- Empuxar ó adversario.
- Trabar ou inmovilizar o stick do adversario.
- Se cando se golpea a pelota, se move o stick por riba da cabeza.
- Golpear o stick do adversario co noso e levantalo.

- Entrar ou meter unha parte do corpo na zona de gol, se é un defensor.
- Lanzar o stick durante o xogo.

O xogo reanúdase cun golpe franco na zona onde se produciu a infracción. É obrigatorio deixar tres metros libres no momento de efectuar o saque, incluíndo os sticks nesta distancia.

Se a infracción que se comete é para evitar un gol, pítarase penalti. Os árbitros son os que deciden se a situación derivaría nun gol. O penalti lánzase desde o punto central, estando o resto dos xogadores por detrás do que vai lanzar a pelota, excepto o porteiro do equipo infractor. O xogador que lanza o penalti pode xogar e avanzar coa pelota, pero non pode pararse. Se o porteiro toca a pelota, non poderá volver a xogala ata que outro xogador de campo a toque.

Neste deporte existen dous tipos de expulsións:

- Expulsión de 2 minutos: elevar o stick de forma perigosa; cando un xogador empuxa a un adversario; cando un xogador de campo xoga sen stick; cando un xogador obstaculiza a un adversario de forma intencionada sen intención de xogar a pelota; cando un xogador non respeta a norma dos 3 m. nos saques de banda; cando un xogador para ou xoga a pelota desde sentado ou tumbado; cando un xogador para ou xoga a pelota coa súa man, brazo ou cabeza.
- Expulsión de 5 minutos: accións violentas, golpeando co corpo ou co stick a un adversario; lanzar o stick para golpear a pelota ou a un compañeiro.

Está permitido:

- Dirixir e golpear a pelota con ambos lados do stick.
- Para a bola co stick, co pé e co peito.
- Dirixir a bola co pé hacia o propio stick.
- Xogar co bordillo.
- Cargar co hombro ó adversario.
- Quitarlle a bola ó adversario.

Se queres podes ampliar información nalguna destas páxinas:

- <http://www.floorball.org/>, páxina oficial da Federación Internacional de Floorball. Nesta páxina hai un enlace moi interesante, <http://www.youtube.com/iffchannel>, onde se poden ver partidos de diferentes competicións internacionais.
- <http://www.unihockey.es/>, páxina oficial da Asociación Española de Unihockey.

Outras páxinas interesantes son:

- <http://www.rfeh.com/>, páxina da Real Federación Española de Hochey.
- <http://www.dartfish.tv/fih>, onde podes ver partidos de hochey herba.
- <http://www.fedhielo.com/content/view/8/6/lang.es/>, páxina da Federación Española de Deportes de Xeo, da que forma parte o hochey xeo.